



CIRCULAR 93 – 2019

REGULAMENTO DA VIII LIGA GALEGA ABANCA DE CATEGORÍAS MENORES DE INVERNO

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

NOVIDADES EN RELACIÓN ÁS ANTERIORES COMPETICIÓNS

1. *Non se limita o número de participantes da cada club nas xornadas clasificatorias, posibilitando que todos/as os/as atletas galegos/as destas categorías teñan a oportunidade de competir dende o principio da tempada.*
2. *Auméntase o número total de xornadas clasificatorias en proporción a cantidade de participantes de cada zoa.*

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organizará a **VIII Liga Galega ABANCA DE CATEGORÍAS MENORES DE INVERNO** para as categorías Sub10, Sub12 e Sub14 integrada por varias xornadas previas clasificatorias a celebrar en varias zoas e unha final por equipos.

Art.2). Poderán tomar parte nesta competición os nenos e nenas con con licenza federativa en vigor, nados nos seguintes anos:

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO
Sub 10	(2010 – 2011)
Sub 12	(2008 – 2009)
Sub 14	(2006 – 2007)

Art.3). As xornadas das fases clasificatorias, ubicaranse nas seguintes zoas:

ZOAS
Ferrol – A Coruña
Lugo
O Barco de Valdeorras
Ourense
Pontevedra – Vigo
Santiago de Compostela



No caso de haber participación suficiente nalgunha das zoas, a organización poderá realizar cambios e separar algunha delas. Os horarios publicaranse unha vez rematado o prazo de preinscrición.

Art.4). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal. O dorsal debe ser conservado nas diferentes fases clasificatorias, en caso de perda a reposición do mesmo deberá ser aboada cun coste de 0,50€.
Na fase final será outorgado un dorsal sen custo.

Art.5). Número de intentos e cadencias: Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante realizará 3 intentos nas fases previas e 4 na fase final

Art.6). Alturas dos listóns e distancias das táboas: Comunicaranse unha vez rematado o prazo de inscrición (sendo as mesmas para todas as zoas).

Art.7). Para as categorías Sub 10 e Sub 12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nin medición do vento nas probas de velocidade, valados e saltos horizontais. Para a categoría Sub 14 é obrigatoria a saída en 4 apoios con ou sen tacos e non se permitirá ningunha saída nula sendo preciso a utilización de anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.

Art.8). Programa de probas da competición:

CATEGORÍA		
Sub10	Sub12	Sub14
50	60	60
500	500	500
1000	1000	1000
		60v. 0,84/0,76
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura
		Pértega
		Triplo
4x50*	4x60*	4x60*

*Na fase final por necesidades da instalación farase 4x100.



XORNADAS CLASIFICATORIAS

Art.9). Poderán participar todos os clubs con atletas con licenza federada que confirmen a súa participación á dirección técnica da FGA:

(direcciontecnica@atletismo.gal) antes das 20:00h do día 8 de outubro empregando o seguinte anexo ([aquí](#)).

Nas fases previas non será necesario completar os equipos, e poderán participar un número ilimitado de atletas por cada entidade e proba.

Art.10). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes anterior á celebración de cada xornada e terá un custo de 2 euros por atleta.

Art.11). **Limitación na inscrición:** Nunha mesma xornada cada atleta poderá facer cantas probas desexa, sempre que so mentes unha de elas supere os 400 metros. Cada entidade só poderá presentar un equipo de relevos

Datas das xornadas previas segundo as sedes.

- 1ª xornada: 2/3 Novembro
- 2ª xornada: 9/10 Novembro
- 3ª xornada: 16/17 novembro
- 4ª xornada: 23/24 novembro

Pode ser que algunha delegación por necesidades de instalacións adiante o comezo da liga o fin de semana do 26 de outubro.

XORNADA FINAL

Art.12). **Celebrarase o 15 de decembro na pista cuberta de Ourense, en horario de mañá para as categorías Sub 10 e Sub 12, e de tarde para a categoría Sub 14.** Para participar na fase final será necesario presentar un estadillo completo de todas as probas realizadas por cada categoría e sexo, excepto na categoría Sub 14 que poderán deixar unha proba sen cubrir. Neste estadillo só valerán as marcas realizadas durante as probas clasificatorias, cada neno/a so poderá aparecer unha vez no estadillo.

As probas de relevos non se terán en conta para a elaboración do estadillo.

Art.13) Farase unha competición ficticia de cada categoría, coas as marcas enviadas no estadillo **antes do 3 de decembro as 20:00 pola intranet da RFEA** <https://isis.rfea.es/sirfea2/>

Será obrigatorio participar nas fases clasificatorias correspondentes. Clasificarase o primeiro equipo de cada provincia e as catro mellores puntuacións restantes do total dos equipos que enviaran o seu estadillo.

Art.14) Na fase final cada atleta so poderá facer unha proba e unha posta do relevo. Na categoría Sub 14 cada equipo poderá deixar unha proba sen cubrir.

Art.15) O límite de participacións de clubs asociados e de 2 en Sub10 e Sub12 e 3 en Sub14.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.16). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 10 de decembro sen custo.

Art.17). Ao rematar a fase final da liga, entregaranse trofeos aos tres primeiros equipos de cada categoría e medallas a cada un dos compoñentes dos tres primeiros equipos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se entregará o trofeo. Proclamarase campión o equipo que obteña maior cantidade de puntos, en caso de empate a puntos teranse en conta os primeiros , segundos, terceiros... postos.

Art.18). O Delegado oficial de cada equipo poderá efectuar un máximo de 3 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.

Art.19). O sistema de puntuación na final será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio:

1º: 8 puntos. 2º: 7 puntos, 3º: 6 puntos ... etc., no caso de que algún club non completase as probas suficientes a metade da competición non se tería en conta na clasificación de tal forma que non puntuaría ningunha proba e correrán posto os seus puntos.

Art.20) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo coas normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, a 26 de setembro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo